



Instrucións en relación co acceso aos servizos complementarios por parte de alumnos escolarizados en centros distintos ao que, inicialmente, lles correspondería.

Nesta materia a norma de aplicación ven representada polo disposto no **artigo 38 da Orde do 17 de marzo de 2007**, pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG número 55, do 19 de marzo de 2007), o cal establece o seguinte:

“ Servizos complementarios.

O alumnado que solicite e obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponda, segundo a distribución das áreas de influencia establecida polos titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, non terán dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos con carácter gratuíto e sufragados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.”

Co obxecto de garantir unha aplicación uniforme do mandato establecido no precepto reproducido, resulta de interese establecer as seguintes instrucións, como criterios uniformes a observar en todos os centros nos que se presenten solicitudes de acceso aos servizos complementarios por parte de familias ou alumnos nas que conorra a circunstancia apuntada:

Comedores escolares:

- 1.- Cando un/ha alumno/a se atope escolarizado/a en centro distinto ao que lle corresponda, como consecuencia de decisións de índole persoal ou familiar, non se lle recoñecerá o dereito a utilizar o servizo de comedor escolar gratuitamente, calquera que sexan o número de membros da unidade familiar na que se integra, a situación económica desta ou calquera outra circunstancia que puidera pretender alegar para xustificar o acceso ao servizo.
- 2.- Sempre que existan prazas vacantes, a dirección do centro posibilitará o acceso ao servizo do/a alumno/a comprendido no suposto anterior, quedando suxeito este/a a obriga de abonar o prezo do servizo no importe no que se atope establecido ao efecto. O impago do servizo levará aparellada a exclusión do seu disfrute.
- 3.- En consecuencia, os alumnos que se atopen nesta situación non poden pretender a aplicación das previsións contidas no Decreto e Orde reguladores dos comedores escolares.

Transporte escolar:

Utilizarase igual criterio que o exposto para consentir o uso gratuíto do servizo de transporte escolar.

- 1.- O alumnado escolarizado en centro distinto do que lle correspondería, como consecuencia de decisión de índole familiar ou individual, carece do dereito á



utilización gratuíta do transporte escolar, calquera que sexa a distancia que exista entre o domicilio familiar e a situación do centro escolar.

- 2.- Non obstante, cando un/ha alumno/a se atope na situación anterior e nas proximidades do seu domicilio discorra un itinerario do transporte escolar contratado pola Consellería de Educación, susceptible de ser utilizado por este para facilitar o seu acceso ao centro docente, poderá solicitar o outorgamento dunha autorización temporal e a precario para a utilización de tal medio de transporte. As autorizacións serán expedidas pola responsable da xefatura territorial respectiva, sempre que a mesma existan prazas vacantes e non comporte modificación de ningún tipo nos itinerarios preexistentes.

Relación entre servizos complementarios

No suposto ao se refiren as presentes instrucións as autorizacións para utilizar os referidos servizos complementarios serán totalmente independentes e non gardarán entre elas ningún tipo de relación. En consecuencia a autorización para o uso do comedor escolar, previo pago do mesmo, non comportará autorización para acceder ao transporte escolar e viceversa.

Santiago de Compostela, a 22 de xuño de 2009.

O SECRETARIO XERAL

José Luís Vázquez Per

